

**Xesús invítache cada domingo:  
VEN á miña FESTA. E con traxe de AMOR!**

**1. VER: Temos unha festa, rapaces.**

+Xesús contoulles un conto parecido a este:

-Unha vez un señor decidiu celebrar unha gran festa. Limpou a casa ata quedar relucinte, decorouna con flores, ensaiou unhas cancións alegres, buscou unhas lecturas capaces de tocar o corazón, preparou a mesa, tocou as campás... cociñaron unha gran cantidade de comida riquísima. Todo estaba a punto! ¡Todo era excelente!

**-Ide dicir á xente que é hora de vir á festa.**

Que pasou? Un por outro **comezaron a poñer escusas.**

*-É que a esa hora botan os meus debuxos favoritos, é que os sábados vou de marcha e a esas horas estou fritido, é que non me levan, é que teño que descansar, é que o luns teño un control, é que eu vou á aldea, é que teño competición, é que eu chateo cos amigos? **Vai ser que NON!***

... Non querían deixar o que estaban facendo. En realidade non querían ir á festa.

O señor estaba triste e a punto de chorar.

*-Se eles non queren vir -dixo aos seus empregados- **buscádeme outros que queiran facelo ...***

E os empregados foron a dar unha volta polos parques e *chiringuitos* de quenda. Fíxose unha gran festa. Pero os outros perdérona ... Que pena!

***¿Quen acepta e rexeita? Por que? Que che parece?***

## 2. XULGAR: Xesús fai festa cada domingo.

-No evanxeo deste domingo, Xesús cóntanos a historia **daquel señor que organizou unha voda pero falláronlle os invitados. Algún ía sen traxe de festa.**

### +QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

#### 1. Xesús invítate cada domingo a unha festa moi especial, a mellor, a súa festa.

- Quixo quedar connosco, facerse un de nós. Non merezo o seu agasallo.

-Xa soan as campás. Chámate a participar na Eucaristía. Recibímolo a el mesmo

para que teñamos vida e forza toda a semana. Pero poñemos desculpas.

-Na festa o mellor é estar con Xesús. Quere que a celebres con outros cristiáns, coa túa parroquia. **Pero moitos non a valoran? Nin se decatan!**

#### 2. Xesús quere que acudas con traxe digno.

-Para comungar temos que estar preparados, en graza, sen pecado.

-Xesús quere que os cristiáns nos revistamos cun vestido que estea tecido cos fíos do amor, do seu amor. Que o noso traxe sexa o amor, perdón, darnos.

***Pos escusas a Eucaristía?  
Que traxe vistes?***

#### 3. ACTUAR: Ven á súa festa, e con traxe axeitado.

--Asiste cada domingo, alegre, ven coa túa familia como quen vai de festa. Recorda: sempre te está esperando. -Entra con respecto, persígnate, saúda a Xesús ao entrar: el está presente.

-Participa nas respostas e canta. Achégate a comungar **se levas o "traxe" tecido co fío do amor**, se estás ben preparado. Dá grazas.

-Vive fóra o que celebras cada domingo. Como grupo, co catequista preparede a eucaristía do domingo, repartide as tarefas.

# LECTURAS

- **Isaías 25, 6-10a:** *Preparará o Señor un banquete, e enxugará as bágoas de todos os rostros.*

Preparará o Señor do universo para todos os pobos, neste monte, un festín de manxares suculentos, un festín de viños anellos; manxares exquisitos, viños refinados. E arrincarará neste monte o veo que cobre a todos os pobos, o lenzo estendido sobre todas as nacións. Aniquilará a morte para sempre. Deus, o Señor, enxugará as bágoas de todos os rostros, e afastará do país o oprobio do seu pobo -díxoo o Señor-. Aquel día dirase: «Aquí está o noso Deus. Esperabamos nel e salvounos. Este é o Señor en quen esperamos. Celebremos e gocemos coa súa salvación, porque repousará sobre este monte a man do Señor».

## Palabra do Señor.

- **Salmo 22: R/.** **Habitarei na casa do Señor por anos sen fin.**
- **Filipenses 4, 12-14. 19-20:** *Todo o podo naquel que me conforta.*

Irmáns: Sei vivir en pobreza e abundancia. Estou avezado en todo e para todo: á fartura e á fame, á abundancia e á privación. Todo o podo naquel que me conforta. En todo caso, fixestes ben en compartir as miñas tribulacións. En pago, o meu Deus proverá a todas as vosas necesidades con magnificencia, conforme á súa riqueza en Cristo Xesús. A Deus, noso Pai, a gloria polos séculos dos séculos. Amén.

## Palabra do Señor.

- **Mateu 22,1-10** (*forma breve*): *A todos os que encontrades, chamádeos á voda.*

**Narrador:** Naquel tempo, volveu falar Xesús en parábolas aos sumos sacerdotes e aos anciáns do pobo, dicindo:

**Xesús:** -«O reino dos ceos parécese a un rei que celebraba a voda do seu fillo; mandou aos seus criados para que chamasen os convidados, pero non quixeron ir. Volveu mandar outros criados encargándolles que dixesen aos convidados:

**Rei:** *-Teño preparado o banquete, matei tenreiros e reses cebadas e **todo está a punto. Vinde á voda?***

**Xesús:** -Pero eles non fixeron caso; un marchouse ás súas terras, outro aos seus negocios, os demais agarraron aos criados e maltratáronos e matáronos. O rei montou en cólera, enviou as súas tropas, que acabaron con aqueles asasinados e prenderon lume á cidade. Logo dixo aos seus criados:

**Rei:** *-“A voda está preparada, pero os convidados non lla merecían. Ide agora aos cruces dos camiños e **a todos os que atopedes, chamádeos á voda**”.*

Xesús: -Os criados saíron aos camiños e reuniron a todos os que atoparon, malos e bos. A sala do banquete encheuse de comensais». Cando o rei entrou a saudar aos comensais, reparou nun que non levaba traxe de festa e díxolle:

**Rei:** *-“Amigo, como entraches aquí sen **o vestido de voda?**”.*

**Palabra do Señor**

*(Narrador-Xesús-Rei).*